

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201500021381
16/11/15 10:25:09

RESOLUCIÓN REITORAL DO 13 DE NOVEMBRO DE 2015 POLA QUE SE CONVOCAN OS PREMIOS Á EXCELENCIA ACADÉMICA PARA O NOVO ALUMNADO DE DOUTORAMENTO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CURSO ACADÉMICO 2015/16

A Universidade de Vigo a través da súa Escola Internacional de Doutoramento (Eido) quere atender de maneira especial ao alumnado que ao chegar á etapa de formación doutoral destaca de xeito particular por unha traxectoria curricular de excelencia nos estudos previos aos de doutoramento.

A presente convocatoria está dirixida ao estudantado matriculado por primeira vez en estudos oficiais de doutoramento no curso 2015/16 na Universidade de Vigo.

Por todo isto, esta Reitoría RESOLVE:

1. Anunciar a convocatoria de 42 premios á excelencia académica para o novo alumnado de doutoramento da Universidade de Vigo no curso académico 2015/16.
2. Ordenar a publicación da convocatoria no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo; nas páxinas web <http://bolsas.uvigo.es/> e <http://eido.uvigo.es>; así como, nos taboleiros de anuncios do centro.

Os premios solicitaranse no modelo oficial dende o día seguinte á publicación desta resolución ata o 30 de novembro do 2015.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes citado namentres non recaia a resolución expresa do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, que modifica a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común.

Vigo, 13 de novembro de 2015

O reitor

Por delegación R.R do 7 de maio de 2014

(DOG 13/05/2014)

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado



Dilixencia para facer constar que esta resolución publícase no taboleiro de anuncios do Rexistro Xeral da Unviersidade de Vigo con data 16. de.novembro de 2015

O xefe da Área de Bolsas

Francisco Navaza Dafonte

Páxina 1 de 7

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DOS PREMIOS Á EXCELENCIA ACADÉMICA PARA O NOVO ALUMNADO DE DOUTORAMENTO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CURSO ACADÉMICO 2015/16.

I.- OBXECTO DOS PREMIOS

O obxecto desta convocatoria é atender de maneira especial ao novo alumnado da Universidade de Vigo que estea a realizar no curso académico 2015/16 estudos oficiais de doutoramento e que destaca particularmente por unha traxectoria académica de excelencia nos estudos previos aos de doutoramento.

II.- PERSOAS DESTINATARIAS

Estes premios convócanse en réxime de concorrencia competitiva.

Poderán participar nesta convocatoria o estudantado dos programas de doutoramento da Universidade de Vigo regulados polo Real Decreto 99/2011, do 28 de xaneiro polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutorado e que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar matriculado por vez primeira en estudos de doutoramento no curso académico 2015/16.
- Ter unha nota media no expediente académico do grao ou da licenciatura a cal estará ponderada pola nota media da titulación, de acordo co Anexo III, igual ou superior a 1,00.

III.- INCOMPATIBILIDADES

A concesión destes premios é incompatible con calquera outro de similares características do que fora beneficiario o alumnado nos estudos de grao, máster ou licenciatura.

Tamén serán incompatibles cos premios nacionais e autonómicos de fin de carreira e fin de grao ou outros premios de similares características outorgados por calquera entidade pública ou privada.

IV.- DOTACIÓN E PAGAMENTO

Os fondos destinados a esta acción irán a cargo da aplicación orzamentaria 2015 00PG 131H48212

O importe do crédito orzamentaria retido para esta convocatoria ascende a 10.500 €, para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

A dotación económica bruta de cada premio será de 250 € e estará suxeita á retención do IRPF que estableza a normativa vixente nesta materia.

Os premios estarán diferenciados por programas de doutoramento. Dentro de cada programa de doutoramento outorgarase un número de premios segundo o número de alumnado matriculado no mesmo:

- a) En programas que acaden entre 4 e 13 estudantes por curso académico; outorgarase 1 premio.

- b) En programas cunha matrícula entre 14 e 23 estudantes por curso académico; outorgaranse 2 premios, incrementándose nun premio máis por cada dez alumnos matriculados.
- c) Para programas que acadaran menos de 4 estudantes de nova matrícula; considerárase a agrupación de todos os programas que estean nesta situación dentro do mesmo ámbito de coñecemento. Outorgárase dentro de cada agrupación un número de premios segundo a mesma regra dos apartados a) e b). Se o número de estudantes na agrupación e curso fose inferior a 4, outorgárase un premio.

A distribución de premios por programas reflíctese no anexo I.

Farase un pagamento único do premio concedido que se aboará na conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria no impreso de solicitude.

V.- PRAZO DE SOLICITUDE E DOCUMENTOS

O impreso de solicitude atópase na páxina web <http://www.uvigo.es> no apartado Bolsas, sendo o que figura como anexo II nesta convocatoria.

O prazo de presentación de solicitudes remata o **día 30 de novembro de 2015**.

As persoas interesadas deberán presentar o modelo de solicitude no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo ou en calquera dos lugares indicados no apartado 4 do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Xunto coa solicitude deben achegarse os seguintes documentos:

- o A ficha persoal de pagamentos (véxase o modelo no anexo)
- o A fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte en vigor.
- o A certificación académica oficial dos estudos universitarios realizados nunha universidade distinta a Universidade de Vigo.

Non serán válidas as certificacións extractadas do expediente académico. No caso de estudos validados, será requisito indispensable a presentación da certificación académica, de idénticas características, para os estudos de orixe.

Ademais as persoas solicitantes, poderán presentar outros documentos de maneira opcional:

- o A xustificación de ter unha titulación de máster universitario oficial ou a certificación académica oficial dos estudos de máster universitario cursados e superados.

Tamén se lle poderán requirir que achegen aqueles outros documentos que fosen necesarios para aclarar os datos para o outorgamento das axudas.

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a organización da docencia e o estudo; así como para o exercicio das demais funcións propias do servizo público de educación superior, reguladas na Lei orgánica de universidades e nos Estatutos da Universidade.

A persoa solicitante está de acordo en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados e, de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: a xestión administrativa e académica do seu expediente; a oferta e a prestación de servizos universitarios; a realización de estatísticas, proxectos de

investigación, avaliacións e enquisas; o seguimento dos servizos universitarios prestados; así como a realización de accións destinadas ao fomento do emprego e a prácticas en empresas.

A responsabilidade do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitaranse ante a Universidade de Vigo no seguinte enderezo: Edificio de Xerencia-Servizos Centrais, campus universitario, s/n 36310 Vigo (Pontevedra), de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

VI.- SELECCIÓN

Para a selección das persoas beneficiarias dos premios, teranse en conta os seguintes criterios:

- a) A nota media do expediente académico de grao ou licenciatura de cada solicitante ponderada pola nota media da titulación de acordo co Anexo III.

No caso de que o título de acceso aos estudos de doutoramento fose cursado en máis dun plan de estudos a nota media da titulación calcularase multiplicando a cualificación de cada materia polos créditos que a compoñen, sumando os resultados e dividindo este resultado polo número total de créditos cursados. A nota media ponderada deberá ser igual ou superior a 1,00.

- b) Os estudos previos nun máster universitario. Ao alumnado que teña unha titulación de máster rematada ou 60 créditos superados nun mesmo máster universitario, sumaráselle 0,1 puntos á nota ponderada.

No caso de ter varios máster só se computará un.

A Sección de Bolsas, unha vez recibidas as solicitudes, comprobará que estas cumpren os requisitos básicos da convocatoria e publicará unha listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, indicando os motivos de exclusión. Daráselles un prazo de cinco días hábiles para emendar os erros e achegar a documentación necesaria.

O prazo comezará a contar dende o día seguinte á publicación desta resolución nos taboleiros do rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo e na páxina web da Universidade <http://bolsas.uvigo.es>. Así mesmo, os documentos presentaranse no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo e nos lugares indicados no apartado 4 do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Unha vez emendados os erros, publicarase a listaxe definitiva das persoas admitidas e excluídas.

A valoración das solicitudes farase pola Sección de Bolsas que elevará para o seu refrendo a Escola Internacional de Doutorados (EIDO). Unha vez aprobado o acordo publicarase unha resolución reitoral de adxudicación dos premios.

Esta resolución de adxudicación dos premios publicarase na páxina web da Universidade e no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo, conterá a listaxe das persoas ás que se lles adxudica o premio, as solicitudes denegadas co seu motivo e as listaxes de agarda ordenadas de maior a menor puntuación. No caso de que a persoa proposta renunciase ao premio, outorgaráselle á seguinte con maior puntuación dentro do mesmo programa ou grupo de programas.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer, no prazo de dous meses, un recurso contencioso administrativo, sen prexuízo do recurso potestativo de reposición no prazo dun mes.

VII.- OBRIGAS

As persoas beneficiarias dos premios están obrigadas a:

- Ter pagada na súa totalidade a taxa de matrícula que lles corresponda
- Estar matriculadas no programa de doutoramento da Universidade de Vigo durante todo o curso 2015/16

VIII.- RENUNCIA

A renuncia voluntaria ao premio deberá facerse por escrito e haberá que comunicala ao Director da Escola Internacional de Doutoramento (Eido)

IX.- REVOGACIÓN DOS PREMIOS

A concesión destes premios pódese revogar polos seguintes motivos:

- O incumprimento das obrigas especificadas nesta convocatoria.
- A ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

O procedemento de revogación suporá o reintegro, por partes das persoas beneficiarias, das cantidades indebidamente aboadas.

X.- DISPOSICIÓN ADICIONAIS

As dúbidas que poidan xurdir na interpretación destas normas serán resoltas pola Dirección da Escola Internacional de Doutoramento (Eido)

Calquera reclamación ou queixa farase ante a dirección da Escola Internacional de Doutoramento (Eido)

As persoas beneficiarias dos premios non adquiren ningunha relación contractual, administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo. A dotación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación das persoas premiadas aos cadros de persoal da Universidade.

ANEXO I

Número de premios por programa ou agrupación para o alumnado que iniciou estudos de doutoramento no curso 2015/16. Total 42 premios (datos de matrícula a 28/10/2015).

Programa de doutoramento	Premios
Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión (Campus do Mar)	2
Neurociencia e psicoloxía clínica	1
Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria	2
Ecosistemas terrestres, uso sustentable e implicacións ambientais	1
Bioteconoloxía avanzada	1
Física Aplicada	1
Ciencia e tecnoloxía química	1
Metodoloxías e aplicacións en ciencias da vida	1
Endocrinoloxía	1
Ciencia e tecnoloxía de coloides e interfaces	
Química teórica e modelización computacional	
Nanomedicina	
Creación e investigación en arte contemporánea	2
Comunicación	2
Estudios ingleses avanzados: lingüística, literatura e cultura	1
Estudios lingüísticos	1
Estudios literarios	1
Tradución e paratradución	1
Protección do patrimonio cultural	2
Sistemas software intelixentes e adaptables	2
Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas	1
Tecnoloxía aeroespacial: enxeñarías electromagnética, electrónica, informática e mecánica	1
Tecnoloxías da información e as comunicacións	2
Xeotecnoloxías aplicadas á construción, enerxía e industria	1
Investigación en tecnoloxías e procesos avanzados na industria	2
Eficiencia enerxética e sustentabilidade en Enxeñaría e arquitectura	1
Láser, fotónica e visión	1
Enxeñaría química	
Ciencias da educación e do comportamento	1
Educación, deporte e saúde	1
Ciencias do deporte, educación física e actividade física saudable	1
Equidade e innovación en educación	1
Análise Económica e Estratexia Empresarial	2
Ordenación xurídica do mercado	2
Xestión e resolución de conflitos. Familia, menores e xustiza terapéutica	1
Estatística e investigación operativa	1

ANEXO II

Solicitud de participación na convocatoria de premios á excelencia académica para novo alumnado de doutoramento da Universidade de Vigo no curso 2015/16

Programa de Doutoramento _____

DATOS PERSOAIS *(encher en letra maiúscula)*

(*) *NOTA: este enderezo servirá para todas as comunicacións*

Nome:.....Apelidos:.....DNI/NIE/Pasaporte:.....

Enderezo(*):

C.Postal:.....Poboación:.....Provincia:.....País:.....

Teléfono:.....Enderezo electrónico

DATOS BANCARIOS

		ENTIDADE				OFICINA				D.C.		Nº DE CONTA (dez díxitos)																	
E	S																												
(cumprimentar todos os díxitos do IBAN)																													
NOME DO BANCO:																													
ENDEREZO DO BANCO:																													
SINATURA E SELO DO BANCO:																													

¿É vostede solicitante ou beneficiario/a doutra axuda?

En caso afirmativo, indicar cales:

DECLARACIÓN XURADA

Quen asina MANIFESTA: que todos os datos da solicitude e os documentos achegados para os premios á excelencia académica de novo alumnado de doutoramento da Universidade de Vigo no curso 2015/16 son verdadeiros; que entende e coñece todos os termos da convocatoria, en particular, onde se expresa que a ocultación ou falsidade dos documentos leva aparellada a perda do dereito para presentarse a esta convocatoria.

_____, ____ de _____ de 2015

Sinatura da persoa solicitante

ANEXO III

NOTAS MEDIAS TITULACIÓNS UNIVERSIDADE DE VIGO

CAMPUS OURENSE	
Titulación	Media
Diplomado en Ciencias Empresariais	6,2471
Diplomado en Turismo	6,3627
Diplomado en Traballo Social	6,3863
Mestre, especialidade de Educación Especial	6,4292
Enxeñeiro Técnico Agrícola, especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias	6,4619
Enxeñeiro Técnico en Informática de Xestión	6,4628
Mestre, especialidade de Educación Primaria	6,5514
Licenciado en Administración e Dirección de Empresas	6,5700
Mestre, especialidade de Lingua Estranxeira	6,6276
Licenciado en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	6,6370
Licenciado en Dereito	6,6567
Mestre, especialidade de Educación Infantil	6,7533
Diplomado en Educación Social	6,7734
Grao en Administración e Dirección de Empresas	6,9765
Licenciado en Historia	6,9821
Grao en Enxeñaría Informática	7,0022
Grao en Enxeñaría Agraria	7,0062
Licenciado en Física	7,0356
Enxeñeiro en Informática	7,0397
Grao en Dereito	7,1813
Diplomado en Enfermaría	7,1890
Grao en Turismo	7,2739
Grao en Xeografía e Historia	7,4396
Grao en Traballo Social	7,5049
Licenciado en Psicopedagogía	7,5248
Grao en Consultoría e Xestión da Información	7,6236
Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	7,6408
Grao en Educación Social	7,6585
Grao en Ciencias Ambientais	7,7167
Grao en Educación Infantil	7,8535
Grao en Educación Primaria	7,8695
Grao en Enfermaría	8,1536
CAMPUS PONTEVEDRA	
Titulación	Media
Enxeñeiro Técnico Forestal, especialidade en Industrias Forestais	6,3115
Mestre, especialidade de Educación Física	6,5574
Mestre, especialidade de Educación Primaria	6,6480
Licenciado en Belas Artes	6,7047
Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	6,7944
Diplomado en Fisioterapia	6,7998
Mestre, especialidade de Educación Infantil	6,8222
Diplomado en Enfermaría	6,9362
Mestre, especialidade de Educación Musical	6,9917
Diplomado en Xestión e Administración Pública	7,1171
Grao en Belas Artes	7,1291
Licenciado en Publicidade e Relacións Públicas	7,2211
Grao en Enxeñaría Forestal	7,2334
Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	7,2814
Licenciado en Comunicación Audiovisual	7,3165

ANEXO III

NOTAS MEDIAS TITULACIÓNS UNIVERSIDADE DE VIGO

Grao en Dirección e Xestión Pública	7,5431
Grao en Publicidade e Relacións Públicas	7,5514
Grao en Comunicación Audiovisual	7,6012
Grao en Enfermaría	7,6079
Grao en Fisioterapia	7,7525
Grao en Educación Primaria	7,9084
Grao en Educación Infantil	8,0121
CAMPUS VIGO	
Titulación	Media
Diplomado en Enfermaría	6,0310
Diplomado en Relacións Laborais	6,0836
Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade en Mecánica	6,1882
Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade en Electricidade	6,2268
Diplomado en Ciencias Empresariais	6,2365
Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade en Electrónica Industrial	6,2562
Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade en Química Industrial	6,2577
Diplomado en Enfermaría	6,3320
Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación, especialidade en Son e Imaxe	6,5210
Enxeñeiro de Minas	6,5867
Licenciado en Ciencias do Mar	6,5953
Enxeñeiro Industrial	6,6309
Licenciado en Administración e Dirección de Empresas	6,6437
Licenciado en Dereito	6,6715
Licenciado en Bioloxía	6,6766
Enxeñeiro de Telecomunicación	6,6911
Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación, especialidade en Sistemas de Telecomunicación	6,7316
Enxeñeiro en Automática e Electrónica Industrial	6,7415
Licenciado en Economía	6,7666
Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	6,7815
Licenciado en Filoloxía Galega	6,7950
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	6,8288
Enxeñeiro de Organización Industrial	6,8892
Grao en Enxeñaría en Organización Industrial	6,9121
Licenciado en Filoloxía Inglesa	6,9123
Grao en Enxeñaría Eléctrica	6,9359
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	6,9406
Mestre, especialidade de Educación Primaria	6,9751
Grao en Administración e Dirección de Empresas	6,9929
Licenciado en Tradución e Interpretación	6,9997
Licenciado en Química	7,0423
Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	7,0566
Grao en Química	7,0846
Grao en Enxeñaría Mecánica	7,1071
Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	7,1362
Grao en Administración e Dirección de Empresas	7,1404
Grao en Enxeñaría en Química Industrial	7,2011
Grao en Economía	7,2034
Mestre, especialidade de Educación Infantil	7,2493
Grao en Linguas Estranxeiras	7,2647
Grao en Enfermaría	7,2730
Grao en Ciencias do Mar	7,3284

ANEXO III

NOTAS MEDIAS TITULACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO

Grao en Estudos de Galego e Español	7,3993
Grao en Bioloxía	7,4239
Grao en Tradución e Interpretación	7,5186
Grao en Dereito	7,5527
Licenciado en Filoloxía Hispánica	7,7024
Grao en Comercio	7,7116
Grao en Educación Infantil	7,7453
Grao en Educación Primaria	7,7481
Grao en Enfermería	7,7819
Grao en Enxeñaría da Enerxía	7,8233